

Ref.-AEG/axps
398/18

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN GALEGA DE IRMANDADES DE DOADORES DE SANGUE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989 e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, modificada por Lei 1/2018, do 2 de abril.

Que a Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue agrupa ás distintas Irmandades galegas que teñen como finalidade, entre outras, a promoción da hemodoazón en Galicia baixo a coordinación da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (en adiante, a Axencia).

Para acadar niveis óptimos de hemodoazón, a Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue participan en campañas de radio e televisión, reparten trípticos e carteis, percorren concellos contactando directamente coas persoas, promoven charlas e atenden tódolos requirimentos dos doadores nas súas oficinas, tanto persoal como telefonicamente.

Así mesmo, dita entidade colabora coa Axencia Galega de Sangue Órganos e Tecidos mediante a realización de propostas, así como en todo o que esta determine e solicite.

O Servizo Galego de Saúde ten previsto formalizar, o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a data da súa sinatura e manterase vixente até o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o desenvolvemento, por parte da Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue, da promoción da hemodoazón en Galicia con tódolos medios ao seu alcance, en coordinación co Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos. No desenvolvemento destes programas, a asociación atenderá toda a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Para acadar niveis óptimos de hemodoazón, a Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue participa en campañas de radio e televisión, reparte trípticos e carteis, percorre concellos contactando directamente coas persoas, promove charlas e atende tódolos requirimentos dos doadores nas súas oficinas, tanto persoal coma telefonicamente.

Por virtude do convenio subscrito, a Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue asume os compromisos de manter as súas actividades de fomento da doazón de sangue por toda a xeografía galega a través de distintos medios, e informar aos cidadáns da importancia de colaborar solidariamente na cobertura das necesidades de sangue e hemoderivados nos centros sanitarios galegos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional, tendo en conta o carácter gratuíto e altruísta da doazón de sangue e hemoderivados.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo.